

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de abril de 2009**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día trece de abril de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(502).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de marzo de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(503).- SOLICITUDE DO ANPA PÁRROCO DON CAMILO DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXV CROSS ESCOLAR PÁRROCO DON CAMILO O DÍA 19 DE ABRIL DE 2009. EXPTE. 8540/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ANPA Párroco Don Camilo a organizar o vindeiro domingo 19 de abril de 2009, o XXV Cross Escolar Párroco Don Camilo”, dito Cross comenzará ás 10.00 horas, dende o colexio público percorrendo os arredores do colexio e rematando na igrexa.

**3(504).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA JAVIER SENSAT DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “CARREIRA POPULAR 25 DE ABRIL”. EXPTE. 8513/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación de pais e nais do colexio de educación infantil e primaria Javier Sensat, a carreira denominada “CARREIRA POPULAR 25 DE ABRIL” comenzando ás 9.30 horas e rematando ás 12.30 horas, a saída será dende o nº 56 da Avda. Atlántida ata o nº 130 do Camiño Viña Grande.

**4(505).- SOLICITUDE DE D. JAVIER VILLAVERDE VAYÁ DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR DE ORIENTACIÓN” O DIA 18 DE ABRIL DE 2009. EXPTE. 8535/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.03.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Javier Villaverde Vayá , a organizar o vindeiro sábado 18 de abril de 2009, o evento denominado “ CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR DE ORIENTACIÓN ” no parque Charlie Rivel que se atopa no monte do Castro da Cidade de Vigo, dita proba comezará ás 10.30 horas e rematará ás 14.00 horas.

**5(506).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE MARZO DE 2009. EXPTE. 6346/306.**

Mediante providencia de data 2.04.09, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados polo servizo de Medio Ambiente durante o mes de marzo de 2009, e que son os seguintes:

EXPTE.: 6346/306

– CONTRATOS MENORES –

Marzo 2009

Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
6274/306	4450.226.01.00	CMSER	Atencións protocolarias	Varios	09/03/2009	16/03/2009	500,00 €
6275/306	4450.231.00.00	CMSER	Gastos de locomoción	Varios	09/03/2009	16/03/2009	1.500,00 €
6301/306	4450.601.00.00	CMOBR	Retirada da ponte de madeira sobre o cauce do Lagares e colocación dunha nova ponte de similares características	Hidroscivil, SL	13/03/2009	18/03/2009	49.953,11 €
6260/306	4450.227.06.00	CMSER	Contratación de servizos profesionais de asesoría xurídica á Concellería de Medio Ambiente	Inés González Martínez	24/03/2009	27/03/2009	18.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**6(507).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO PRAZO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO EDIFICIO MIRADOR DO CASTRO NO PARQUE MUNICIPAL DO CASTRO. EXPTE. 18561/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 6.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*D. Domingo Piñeiro Cubelo, en nome da Entidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL, solicita mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste Concello, o día 5 de marzo do 2009, a prórroga do prazo, ata o mes de novembro do ano en curso, da concesion administrativa outorgada para a explotación do bar-cafetería do Mirador do “Castro”, edificio sito no Parque Municipal do Castro.*

*A solicitante motiva a súa pretensión na intención de poder cumprir os compromisos que ten adquiridos con antelación para a realización de determinados eventos (bodas, bautizos, etc).*

*FUNDAMENTOS XURIDICOS*

*PRIMEIRO.- O concello de Vigo, en sesión plenaria de 29 de setembro de 1986, acordou adjudicar a entidade Asociación Hostelera de Vigo SA (na actualidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL), en reximen de concesión administrativa, a explotación do bar-cafetería e almacen-depósito do Mirador do “Castro”, sito no Parque Municipal do Castro, consonte co prego de condicións aprobado polo mesmo órgano o 15 de maio de 1986.*

*SEGUNDO.- No presente caso a solicitude de prorroga plantexada ata o mes de novembro do presente ano, ven xustificada pola concesionaria na necesidade de poder cumprir satisfactoriamente os compromisos que ten adquiridos con antelación para a realización de determinados eventos (bodas, comidas, etc).*

*TERCEIRO.- Centrado o obxecto do presente informe na viabilidade da prorroga do prazo polo que foi outorgado o dereito concesional constituído, cabe recordar que dito dereito foi outorgado d'accordo co prego de condicións aprobado polo pleno municipal en sesión de 15 de maio de 1986, en virtude do cal convocouse licitación pública para súa adxudicación mediante concurso, no que resultou adxudicatario, tal e como quedou dito anteriormente, a entidade Asociación Hostelera de Vigo SA de quen trae causa na actualidade a solicitante.*

*O prego de condicións, como documento administrativo que fixa os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato, é “lex contractus” entre éstas, a que quedan vencelladas para o seu cumprimento nos propios termos.*

*A teor do establecido no devandito prego, dispónse na cláusula TERCEIRA.- PLAZOS: “A) Da explotación: O que sinale o adxudicatario na súa proposición, ata o máximo de vinte e cinco (25) anos, contados desde a data na que se notifique a adxudicación. B) Do seu comenzo: A prestación do servizo comenzara na data que sinale o adxudicatario na súa proposición, dentro dun prazo non superior ó de seis (6) meses, contados desde a mesma data que o anterior.”*

*Resultando, no presente caso, do computo do prazo que se outorgou a concesión administrativa, a data do 10 de marzo do 2009 como do remate do prazo concesional.*

*CUARTO.- En canto a posibilidade plantexada da prorroga da concesión, resulta inviable xuridicamente, xa que vencellados, como queda dito, as partes contratantes polo clausulado do pliego de condicións, o cumprimento do prazo polo que foi outorgada, da lugar a extinción do contrato, non sendo admisible unha prorroga non prevista no prego e que contravendría o carácter improrrogable destas (art. 80 do RD 1372/86 do Regulamento de Bens das Entidades Locais), carecendo de relevancia xustificativa a causa alegada o derivar dun acto unilateral, voluntario, previsible e programado da propia concesionaria quen, dende o momento da notificación do acordo de adxudicación, xa tiña pleno coñecemento da data de vencemento da concesión.*

*QUINTO.- Resulta competente para a adopción do acordo sobre o interesado, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na DA 2ª da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, en materia de contratación das Entidades Locais.*

*Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Unico.- Denegar á ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL a prorroga do prazo da concesión administrativa outorgada para a explotación do bar-cafetería e almacen-depósito do Mirador do “Castro”, sito no Parque Municipal do Castro desta cidade de Vigo, ó non ser admisible d'accordo co prego de condicións e bases aprobados polo pleno municipal en sesión de 16 de maio de 1986 polo que se rixe.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**7(508).- PROPOSTA PARA INCOAR EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA OUTORGADA Á AC. HOTEL VIGO S.L. EXPTE. 18134/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 6.04.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN:*

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *RBEL (Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).*

*ANTECEDENTES DE FEITO:*

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 26 de febreiro de 2008 acordou autorizar a AC. Hotel Vigo SL. a ocupación do dominio público mediante a instalación dunha terraza na Rúa Montero Rios, fronte o antigo Hotel Universal, dacordo co “Proyecto Básico y Ejecución de acondicionamiento y recuperación de la terraza del Hotel Universal” redactado polos arquitectos D. Jose Luis Pereiro Alonso e D. Borja Ramilo Mendez, visado polo colexio oficial en data 04/07/2006 e 29.11.2007, e con sometemento as condicións xurídicas e técnicas sinaladas en dito acordo.*

*En data 13 de marzo do 2008 foille notificado a entidade autorizada, AC. Hotel Vigo SL, dito acordo da Xunta de Goberno local.*

*SEGUNDO.- Mediante oficio da xefatura de patrimonio de data 22 de outubro de 2008 ( notificado ó 29.10.2008)reiterouse a la entidade AC. Hotel Vigo SL para que no prazo de quince días, acredítase o depósito da fianza para responder dos danos que poideran ocasionarse ó dominio público ocupado, como trámite previo necesario a formalización da autorización outorgada pola Xunta de Goberno Local o 26.02.2008.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*PRIMEIRO.- A Autorización administrativa outorgada pola Xunta de Goberno Local a AC. Hotel Vigo SL establece na súa condición xurídica nº 9 o deber da entidade autorizada do depósito dunha fianza por importe de 6.869,90 € ( seis mil oitocentos sexenta e nove euros con noventa céntimos) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público ocupado, nas operacións de instalación- desinstalación da terraza ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento pola autorizada das demais obrigas previstas na autorización.*

*Asi mesmo, o apartado segundo do acordo adoptado sinala que a autorización administrativa formalizariase en documento administrativo no prazo dos 15 días dende a notificación doe dito acordo o solicitante, feito que aconteceu en data 13 de marzo do 2008.*

*Ante a falta de constancia no cumprimento polo autorizado da constitución da fianza e conseguinte formalización da autorización outorgada, no prazo sinalado, procedeuse no mes de outubro a reite-rar a súa acreditación otorgandoselle un prazo de 15 días, e como tramite previo necesario para a formalización de dita autorización administrativa, sen que transcurrido dito prazo conste o seu cumprimento.*

*SEGUNDO.- O art. 100 da LPAP establece as causas de extinción das autorizacións e concesions demaniais, dispoñendo, entre outras, na súa letra i) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rixan.*

*Dacordo co apartado nº 11 das condicións xurídicas que rixe a autorización administrativa outorga-da, esta extinguirírase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:*

*d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*

*TERCEIRO.-A teor do exposto, e toda vez que según resulta do expediente non consta que a entidade AC. Hotel Vigo SL. tivera efectuado o depósito da correspondente fianza, tal e como foi requerida, nin da conseguinte formalización en documento administrativo da autorización administrativa, pro-cedería a incoacción do correspondente expediente administrativo para a revocación da autoriza-ción administrativa que foille outorgada pola Xunta de Goberno Local o 26.02.2008.*

*QUINTO.-Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público na súa Disposición Adicional Se-gunda, apartado 3.*

*Por todo ello, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“PRIMEIRO.- Incoar expediente admnistrativo de revocación da autorización administrativa ou-torgada pola Xunta de Goberno Local o 26.02.2008. a entidade AC. Hotel Vigo SL., para a a ocupa-ción do dominio público mediante a instalación dunha terraza na Rúa Montero Rios, fronte o antigo Hotel Universal, polo incumplimento das condicións xurídicas nas que foille concedida, ó non acre-ditar o depósito da fianza e a conseguinte falta na formalización en documento administrativo de dita autorización.*

*SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo AC. Hotel Vigo SL., outorgandolle un prazo de quin-ce días, a contar dende o día seguinte a súa notificación, para que teña vista do expediente e poida formular as alegacions e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por con-veniente.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(509).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA O PRÉSTAMO TEMPORAL DE OBRAS Á SOCIEDADE ESTATAL DE CONMEMORACIONES CULTURALES**

**S.A. PARA A EXPOSICIÓN “CIUDADES EN GUERRA, 1808-1814”. EXPTE. 3245/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o préstamo temporal á Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales S.A.; para a exposición temporal “CIUDADES EN GUERRA, 1808-1814”, a celebrar entre o 3 de maio e o 10 de xullo de 2009 na Casa das Artes (r/Polcarpo Sanz nº 15, Vigo) e do 15 de xullo ao 10 de outubro de 2009 no Museo de Pontevedra, das seguintes obras pertencentes á colección de historia da cidade do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: Nº Inv: 7612; Sabre do Mariscal Soult. Nº Inv: 8265; Bando de Cachamuiña. Nº Inv: 7619; Medalla de Wellington. Nº Inv: 1498; Medalla 1º centenario da independencia de Vigo. Nº Inv: 8648; Bandeira do Departamento do Val do Fragoso nº 2. Nº Inv: 745; D. Cayetano Parada e Pérez de Limia. Nº Inv: 8312; D. Bernardo González Cachamuíña. Nº Inv: 551; Joaquín Tenreiro. Primer conde de Vigo, Nº Inv: 827, 826, 828; I. Clark; Infantería francesa, Dragón francés, Soldado español de infantería lixeira, conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

**9(510).- PROPOSTA DE FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICA DAS TAZAS CONMEMORATIVAS DA EXPOSICIÓN DE URBANO LUGRÍS. EXPTE. 3508/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Museo municipal “Quiñones de León”, do 11.03.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

*Con motivo da mostra dedicada a URBANO LUGRÍS que se estivo a celebrar no museo municipal de Vigo “Quiñones de León” do 23 de decembro de 2008 ao 22 de febreiro de 2009, fíxéronse 1.500 tazas en dúas tiraxes, serigrafiadas coa obra “habitación dun vello mariñeiro”. Estas tazas teñen un custe total, i.v.e. incluído, de 9.327,30 euros, co que o custe total unitario máximo é de 6,22 euros.*

*Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición destas tazas e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión da obra, a concelleira de Patrimonio Histórico resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordenanza municipal correspondente.*

*Segundo dispón a ordenanza reguladora dos prezos de venda ó público, o valor de venda ó público de cada exemplar oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Segundo isto, resultan uns prezos mínimo e máximo para estas tazas de 3,11 € e 6,22 € respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase que podería ser de 3,50 euros, impostos incluídos.*

*Do total dos 1.500 tazas que se encargaron, considérase de interese poñer á venda pública un total de 800 e reservar 700 para necesidades protocolarias do concello.*

*Á vista do citado, seguindo instrucións da Delegada de Patrimonio Histórico faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA.-**

*Poñer á venda 800 tazas das 1.500 editadas co gallo da exposición dedicada a Urbano Lugrís a un prezo unitario de venda ó público de 3,50 € I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(511).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup>. MARTA NÚÑEZ ABOY POR ENCOMENDA DE FUNCIONS- 4º CUATRIMESTRE. EXPTE. 11440/31.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizos de Recursos Humanos e o concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*En data 8 de xaneiro de 2009, recibese no Servizo de persoal expediente 11440-331 “Solicitud de produtividade de Marta Nuñez Aboy polo cuarto trimestre do ano 2008”. Inclúese no expediente copia da comunicación a interesada da Resolución de data 25 de xaneiro de 2008 do Concelleiro delegado de xestión municipal, informe da relación de horas realizadas fora do horario habitual de traballo nos meses de outubro, novembro e decembro de 2008, asinado pola funcionaria e conformado polo xefe do servizo e o Concelleiro delegado da área de cultura e “solicitud de produtividade por encomenda de funcións cuarto trimestre”, asinada polo Xefe de servizo de Cultura e conformada polo Concelleiro delegado da área de cultura e animación sociocultural. Solicítase así mesmo que non deberíase descontar os días de vacacións disfrutados durante o período citado xa que estivo a realizar funcións relacionadas co posto acumulado e en consideración ao elevado número de horas realizadas no último trimestre do ano 2008.*

*En data 25 de xaneiro de 2008, o concelleiro delegado de xestión municipal resolve encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de relativas á xestión da programación de artes escénicas e musicais da Unidade de Cultura á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Marta Nuñez Aboy, con nº de persoal 78.436, administrativa de admón xeral adscrita á Unidade de Cultura, motivada na circunstancia de que o funcionario técnico de actividades culturais que ata o momento prestaba os seus servizos no dito servizo foi trasladado á Área de Servizos Xerais. A encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de traballo de técnico de actividades culturais que no seu momento quede vacante, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.*

*De dita Resolución douse conta a Xunta de Goberno local na súa sesión de data 4 de febreiro de 2008.*

*De conformidade coas instrucións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións., agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.*

*Neste caso, e non tendo o carácter periodico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados .Segundo os datos obrantes na Unidade de persoal, a funcionaria D<sup>a</sup> Marta Nuñez Aboy disfrutou de 5 días de vacacions do 17 ao 23 de decembro e non tivo ningunha baixa por IT no devandito periodo. En referencia a solicitude do Xefe do Servizo de non descontar os días de vacacions disfrutados durante o periodo citado xa que estivo a realizar funcións relacionadas co posto acumulado e en consideración ao elevado numero de horas realizadas no ultimo trimestre do ano 2008 estimase que non procede, tendo en conta as vixentes instruccións de plantilla.*

*Asi mesmo e segundo os informes remitidos realizou un total de 133 h 30 m a mais da súa xornada de traballo.*

*Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarto e definitiva unica da Lei 7/2007 de 12 de abril, o arti. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interés e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondientes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos.*

*Asi mesmo, nas vixentes instruccións de plantilla no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia..por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.*

*Tendo en conta que o complemento de destino do posto 191 tecnico de actividades culturais e educativas supón un importe mensual de 637,36 €, corresponderia o aboamento en concepto de produtividade a funcionaria D<sup>a</sup> Marta Nuñez Aboy polo periodo comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2008 a cantidade de 1805,85 €, polo que previo informe da Intervención Xeral PRO-PONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:*

*O recoñecemento á administrativa de admón.Xeral, D<sup>a</sup> Marta Nuñez Aboy un complemento de produtividade por importe de 1805,85 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento específico do posto 191 tecnico de actividades culturais e educativas, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 25 de xaneiro de 2008, polo periodo comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2008.*

*Dese traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(512).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DE D<sup>a</sup>. ROSARIO CUESTA GARCÍA. EXPTE. 18916/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D<sup>a</sup> ROSARIO CUESTA GARCÍA, NIF 35.973.765-V e núm. persoal 6095, administrativa de administración xeral asdcrita ó Departamento de Mobilidade e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2009, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

#### **12(513).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSEXERÍA – 4º TRIMESTRE DO ANO 2008. EXPTE. 18813/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.03.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Ao persoal dependente do Servizo de Conserxería se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3ª, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, BOP, de 10 de setembro de 2008.*

*Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para a percepción do complemento de produtividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía, para dar cobertura a numerosos actos e recepcións programados na Casa do Concello, no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.*

*Recíbese no Servizo de Persoal escritos asinados pola Xefa de Subalternos, D<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbelo, O Xefe do Servizo de animación sociocultural e festas, e o concelleiro delegado de xestión municipal nos que se informa do número de horas realizadas por D Jose Angel Fernandez Alonso e D<sup>a</sup> M Teresa Vaqueiro Herbelo no período comprendido entre outubro e decembro de 2008, para o seu aboamento, de conformidade co disposto na base m) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo.*

*Tendo en conta o recollido no art. 23 da Ley 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarto e definitiva única da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, en concreto a citada instrución no seu punto 3º m), establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria o persoal adscrito á Conserxería Municipal polas labores, a dispoñibilidade horaria das cales sexa requerida expresamente pola Alcaldía-Presidencia, para recompensa-lo especial rendemento e dedicación esixible ó referido persoal, e que colabora cos departamentos de Cultura, Animación Sociocultural e Relacións Públicas dando cobertura e apoio ós actos e recepcións programados na Casa do Concello, celebrados dun xeito extraordinario fora da xornada ordinaria en sábados, domingos e festivos, establécese un complemento de produtividade, con devengo trimestral, en función das horas traballadas, supeditado en todo caso ó informe dos responsables dos referidos servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos e que fosen autorizados expresamente pola Alcaldía-Presidencia antes da súa realización, sendo a Xunta de Goberno Local a que establecerá a contía e regulación pormenorizada da asignación da produtividade.*

*O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.*

*En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.*

*Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado os abonos seguintes:*

<i>Teresa Vaqueiro Herbelo: Hora festiva: 5,60 €</i>
<i>Jose Angel Fernandez Alonso: Hora festiva: 4,28 €</i>

cantidades que se aboaran en función das horas en exceso realizadas, resultando os seguintes importes:

D<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello: 10 h (mes outubro 2008): 56.00 €

D Jose Angel Fernandez Alonso: 10 h (mes de decembro) : 42.80€

Vistos os feitos precedentes podese informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, polo que , previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL :

1. O aboamento aos funcionarios D<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello a cantidade de 56.00 € e a D Jose Angel Fernandez Alonso a cantidade de 42.80 €, persoal adscrito a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento do seu posto de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas no periodo comprendido entre os meses de outubro a setembro de 2008, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, e que supón un total de 98.80 €:

Dese traslado da presente acordo aos interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(514).- SOLICITUDE DE ABOAMENTO POR ACTIVIDADE REALIZADA COMO SARXENTO A D. ALFREDO ROSENDO CABALEIRO BESADA. EXPTE. 18635/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.03.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 9.12.08, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

Con datas 10 de setembro de 2008, tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello solicitud presentadas por D. Alfredo Cabaleiro Besada, cabo do Servizo de Extinción de Incendios, no que solicita se

*abone o complemento correspondente a actividade realizada como sarxentos durante o ano 2007, segundo Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004, na que foi parcialmente estimada a pretensión exercitada polos recorrentes D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. José Antonio Villar Comesaña, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso, cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, reclamando o aboamento dun complemento de produtividade pola realización de funcións de superior categoría, ao desenvolver tarefas inherentes aos sarxentos.*

*Na dita sentenza se declarou o dereito dos mesmos á percepción do complemento de produtividade nos termos expostos na propia sentenza, ordenando a este Concello dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades que correspondesen ás substitucións acreditadas polos recorrentes e que cumprisen as condicións expostas.*

*Posteriormente plantexan perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo incidentes procesuais de extensión de efectos de sentenza polos funcioarios D. Vicente Alonso Covelo, D. Edelmiro Montes Iglesias, D. Felix Lpez Landesa, D. Jose Benito Villaverde Baleiro, D. Jose Luis Fernandez Cabaleiro, D. Jesus Lopez Riocabo e D. Jose Antonio Villar Comesaña, o devandito organo xurisdiccional, en autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006 respectivamente, estima a pretensión dos solicitantes, entendendo que procede a extensión de efectos da sentenza referenciada, debendo o Concello de Vigo proceder á materialización da mesma en iguais termos que os consignados na sentenza.*

*O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignan; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.*

*A vixente Constitución Española de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprir-las sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.*

*A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.*

*No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada se consigna que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas de-*

ben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

A sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 analiza o disposto nas Instrucións de Plantilla do Concello de Vigo na súa disposición terceira, onde se inclúe, con cargo ó complemento de produtividade (apartado B) :“o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos”.

No fallo da sentenza referida estímase que -en base ó previsto nas ditas Instrucións- os recorrentes teñen dereito a percibir un complemento de produtividade polas substitucións realizadas, sempre en canto poidan enmarcarse na condición de actividade extraordinaria, entendendo a sentenza que esta circunstancia concorre cando as substitucións realizadas superen un mes no período dun ano (fundamento xurídico 2º in fine).

Na sentenza consígnase expresamente a obriga de este Concello de dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades correspondentes ás substitucións acreditadas.

Por esta Unidade de Persoal –e previa emisión do preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral- estímase que o funcionario beneficiado deberán percibir as cantidades seguidamente indicadas, segundo o cálculo realizado pola técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal que subscribe.

AÑO 2007	CD	IMPORTE	CE	IMPORTE	TOTAL	DIFERENCIA MES
SARXENTOS	20	443,52	81	932,70	1376,22	
CABOS	16	352,95	40	773,99	1126,94	

249,28

DIFERENCIA MES	Nº jornadas anuales	IMPORTE XORNADA
249,28	71	38,62

Sen prexuízo das competencias que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007 parece claro que, tendo por obxecto o fallo da sentenza o aboamento dun complemento de produtividade, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, toda vez que se trata de retribucións do persoal municipal.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

*“Primeiro.- Proceder ao abono dun complemento de produtividade por un importe total de 1004,14 €, ao Cabo do Servizo de extinción de Incendios D Alferdo Cabaleiro Besada, con n de persoal 20818, pola actividade extraordinaria realizada como sarxento, acreditadas segundo informe do Xefe do Servizo, e ao obxecto de dar efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento en consecuencia –e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral- á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento da cantidade antes indicada, correspondente ás substitucións acreditadas polo recorrente que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.”*

*Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(515).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 18896/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión do Fondo Social, do 9.03.09, o informe de fiscalización, do 1.04.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.03.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-lo abono, en concepto de axudas especiais, con cargo ao Fondo de Acción Social, por importe total de 7.663,00 € (SETE MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS), ós empregados municipais que se relacionan:

NOME	DNI	Nº persoal	EUROS
Lago Costas, Antonio	35.999.604	23538	2.600,00 €
Nogueira Casas, José	78.733.309	76517	600,00 €
Rodríguez Rey, Enrique	36.000.962	8332	4.463,00 €

SUMA TOTAL			7.663,00 €
------------	--	--	------------

**15(516).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A VIXIANCIA DA SAÚDE 2009. EXPTE. 18404/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Secretaria da Mesa de Contratación, do 2.04.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L., (CIF b-84412683), o procedemento negociado con publicidade para a contratación dun servizo de prevención alleo na especialidade de vixiancia da saúde por un prezo total de 65. 800, 00 euros e coas seguintes prestacións adicionais: ofrece dentro da actividade da Vixilancia da Saúde a realización de probas complementarias sen que supoñan un coste adicional ao prezo ofertado

- Revisións xinecolóxicas (exploración, citoloxía e/ou mamografía/ecografía mamaria, para maiores 45 anos ou menores por prescripción facultativa).
- Revisións urolóxicas (análise de antígeno prostático PSA e, no seu caso consulta e probas complementarias co especialista para maiores 45 anos ou menores por prescripción facultativa).
- Odontoloxía (revisión e limpeza bucodental anual).
- Oftalmoloxía (control visión por prescripción facultativa).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09-03-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. As garantías poderán constituírse por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

Esta proposta de adxudicación provisional se convertirá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

**16(517).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DO RECINTO PARA LOBOS NO PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO. EXPTE. 1124/12.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a conformidade da Presidenta do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, dáse conta do informe-proposta do arquitecto municipal, que di o seguinte:

*Estase a inicia-la obra de execución do recinto para lobos no Parque das Ciencias Vigozoo do Concello de Vigo, que conta con adxudicación definitiva á empresa constructora MILCONS S.L.*

*Conforme ó estipulado no RD 1627/1997 de 24 de outubro (BOE nº 256 de 25 de outubro) polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción é preceptiva a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa constructora por parte do Coordinador de Seguridade e Saúde en obra e polo órgano da Administración competente.*

*Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

- a) Nomear ó Arquitecto Municipal D.Juan Luis Piñeiro Ferradás coma Coordinador en materia de Seguridade e Saúde perante a execución da obra de recinto para lobos no Parque das Ciencias Vigozoo.*
- b) Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa adxudicataria MILCONS S.L. para a devandita obra.*

*Nota: achégase a seguinte documentación complementaria:*

*Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa adxudicataria MILCONS S.L. para a obra.  
Informe do devandito coordinador para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do Plan de Seguridade e Saúde.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**17(518).- PROGRAMA DIURNO DE CARÁCTER LÚDICO DE BALNEARIOS, ANO 2009. EXPTE. 41206/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da traballadora social do Servizo de Persoas Maiores, conformado polo xefe de Área de Servizos Sociais, a concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*O Departamento de Benestar Social vai realizar, en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, o “Programa Diurno de carácter lúdico de Balnearios” ano 2009, incluído dentro do Plan “Envellecemento activo para as persoas maiores” da Concellería de Benestar Social.*

*Envellecer é unha etapa máis da vida nesta etapa igual que noutras, prodúcense unha serie de cambios físicos, psicolóxicos e sociais.*

*Ainda que durante moito tempo, envellecer equiparóuse a perdas, está comprobado que hai funcións ou capacidades que manteñen a súa actividade ou incluso poden chegar a millorar gracias á posta en práctica determinados estilos de vida.*

*Envellecer ben significa vivir esta etapa da vida con mellores condicións físicas, psicolóxicas e sociais.*

*A Deputación Provincial de Pontevedra aprobou as bases reguladoras das subvención para o “Programa Diurno de carácter lúdico de Balnearios ” tempada 2009, tendo por obxecto proporcionar ás persoas de 50 anos ou máis, actividades encamiñadas a millorar a súa calidade de vida.*

*O programa dos Balnearios consiste en que os beneficiarios do mesmo poidan pasar cinco tardes ou mañáns seguidas da mesma semán (de luns a venres) en balnearios pertencentes a Federación Galega de Balnearios e Talasos da nosa provincia .*

*Os traslados aos balnearios ou talasos elixidos faránse en autobús, onde permanecerán unha media de dúas horas disfrutando das instalacións (piscina con pescozo de cisne, camas de masaxe, etc..).*

*A guía repartirá no primeiro día un bono-viaxe con data e hora de recollida e indicará a cota á aboar por cada participante. En cada balneario ou talaso facilitarase unhas chanclas e un gorro para utilizar nas instalacións.*

*Establécense dúas campañas, unha en primaveira e outra en outono.*

*O programa será cofinanciado pola Diputación Provincial de Pontevedra (52€ /praza) polo Concello de Vigo (32 €/ praza) e polos usuarios.*

*Podrán acceder ó programa as persoas que reúnan os seguintes requisitos:*

- c) Estar empadroado no Concello de Vigo.*
- d) Persoas maiores de 50 anos.*

- e) *Pensionistas.*
- f) *Persoas con necesidade de respiro familiar.*
- g) *É requisito imprescindible non padecer ninguna enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*

*A documentación a aportar por cada solicitante será a seguinte:*

- *Solicitud, a que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo acompañada do Informe médico e da fotocopia do DNI.*

*Tralo exposto con anterioridade, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:*

1. *Aceptar as bases para participar no “Programa diurno de carácter lúdico de balnearios” ano 2009, promovidos pola Diputación Provincial de Pontevedra e publicado no BOP nº 58, de xoves 26 de marzo de 2009.  
O Concello de Vigo subvencionará 400 prazas a repartir entre a campaña de primavera e outono.*
2. *Aprobar o prazo para a presentación de solicitudes no Concello de Vigo dende o 13 ata o 24 de abril de 2009 (ámbolos dous inclusive).*
3. *Unha vez adxudicadas ás prazas enviaráanse á Diputación Provincial de Pontevedra, os listados nominales dos participantes por orden de puntuación de maior a menor.*
4. *Autorizar o gasto de 12.800,00 € con cargo á partida 3130.2260801, que se aboarán a Viajes Iberia S.A. con CIF A-07001415, como empresa asignada pola Deputación Provincial de Pontevedra para organizar e xestionar os grupos.*

*Non obstante, A Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

#### **18(519).- ROGOS E PREGUNTAS.**

*Non houbo ningunha intervención neste punto.*

*E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.*

*me.*

**A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,**

Isaura Abelairas Rodríguez.